Universidade Vigo
Campus de Vigo
Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía
Distintivo de Igualdade
Centro certificado FIDES-AUDIT

Campus de Vigo
36310 Vigo
España
Tel. 986 812 205
minasyenergia.uvigo.es
eme.negociado@uvigo.es

Acta da Comisión Permanente Extraordinaria da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía do 5 de maio de 2026

Anexos:

I. Convocatoria da Comisión Permanente do 05/05/2026
II. Asistentes á Comisión Permanente do 05/05/2026
III. Solicitudes de avaliación da actividade docente para a concesión do complemento específico por mérito docente (quinquenio).

Ábrese a sesión ás 12:00 horas, en segunda convocatoria, na Sala de Xuntas 1 da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía no Campus Remoto, presidida pola Directora, Dona Elena Alonso Prieto, e se trata o único punto na orde do día:

- **Aprobación, se procede, de informes sobre a actividade docente para o recoñecemento de quinquenios de docencia.**

A Presidenta lembra o procedemento aprobado o curso pasado e aclara os cambios introducidos no curso actual co obxecto de evitar a visibilización pública dos resultados das enquisas de avaliación do profesorado (EAD). Deste xeito, agora se achegan a centros e departamentos todas as solicitudes independentemente dos resultados obtidos nas EAD. Indica que se traen á Comisión Permanente polos prazos reducidos de resposta e aclara que, posteriormente, o acordo se ratificará en Xunta de Escola.

A continuación amosa as solicitudes achegadas; se trata de dous casos de primeira solicitude e outros dous de continuación. Sinala que non consta ningún tipo de incidencia para ningunha das persoas solicitantes, polo que se propón emitir informe favorable para todas elas.

A comisión aproba a proposta por asentimento.

Por último indica que, como se achegaron menos solicitudes que fai 5 anos, se fixo unha comprobación e consta que a lo menos unha chegou a un centro equivocado. Por tanto, é probable que se reciban máis solicitudes e teña que convocarse outra sesión para tratalas.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 12 horas e 9 minutos do día de hoxe, do que como secretario dou fe en Vigo, a cinco de maio de dous mil vinte e seis.

Vº e Prace
A Presidenta

Elena Alonso Prieto

O Secretario

Guillermo García Lomba

ANEXO I

Convocatoria Extraordinaria da Comisión Permanente do 05/05/2026

INFORME DE FIRMA, no sustituye al documento original| C.S.V. : GEN-c239-c17a-9786-f5a2-2909-4165-5f44-a32e | Puede verificar la integridad de este documento en la siguiente dirección: https://run.gob.es/hsb0d8bw6q

Universidade Vigo

Campus de Vigo

Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía

Campus de Vigo
36310 Vigo
España

Tel. 986 812 205

minasyenergia.uvigo.es
eme.negociado@uvigo.es

Asunto: Convocatoria extraordinaria da Comisión Permanente da EEME

Por orde da súa presidenta, convócase reunión extraordinaria da Comisión Permanente da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía para o martes, 5 de maio de 2026, ás 11:30 h en primeira convocatoria e as 12:00 h en segunda.

A reunión terá lugar na **Sala de Xuntas 1** da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía **no Campus Remoto** (*), e se tratará como único punto na orde do día:

1. Aprobación, se procede, de informes sobre a actividade docente para o recoñecemento de quinquenios de docencia.

Vigo, 29 de abril de 2026
O Secretario

Guillermo García Lomba

(*) ***Indicacións:*** *acceder á sala do Campus Remoto como estudantado coa contrasinal* `lDLD6QsL` *(ele-De-Ele-De-6-Qu-ese-Ele) e indicando o nome completo. Para a acreditación e control de asistencia é imprescindible activar a cámara ao inicio da sesión. En caso de non dispor de cámara prégase comunicalo por email ao secretario (eme.secretaria@uvigo.es) que lle indicará o método de acreditación complementario.*

A TODOS OS MEMBROS DA COMISIÓN PERMANENTE DA EE DE MINAS E ENERXÍA

CSV : GEN-c239-c17a-9786-f5a2-2909-4165-5f44-a32e
DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : https://run.gob.es/hsb0d8bw6q
FIRMANTE(1) : GUILLERMO GARCIA LOMBA | FECHA : 29/04/2026 12:49 | NOTAS : F

ANEXO II

Asistentes á Comisión Permanente Extraordinaria do 05/05/2026

Asistentes á Comisión Permanente Extraordinaria do 5 de maio de 2026
Presidenta da Comisión
Elena Alonso Prieto
Secretario da Comisión
Guillermo García Lomba
Subdirector/a
Francisco Deive Herva
Profesorado
Javier Vijande López (1º Graos)
Beatriz Guitián Saco (2º Graos)
Fernando García Bastante (3º-4º GERME)
Pablo Eguía Oller (3º-4º GEE)
Eduardo Giráldez Pérez (MUEM)
Estudantes
–
PAS
Mª Carmen Romo Pérez

ANEXO III

Solicitudes de avaliación da actividade docente para a concesión do complemento específico por mérito docente (quinquenio)